| CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia. | Producir oralmente textos curtos moi elementais, intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia | TI | 25 |
| CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Pronunciar de xeito intelixible mesmo cometendo erros de pronuncia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar. | Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repetición sempre que o precisa. | | |
| CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar. | Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Ter conciencia de algunhas estratexias traballadas e aplicarlas na súa maioría. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitir eficazmente a información cando menos no 50% das ocasións. | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Ter conciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicarlas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico. | Comparar e contrastar, cando menos as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintácticas moi básicas...) | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Facer unha autoevaluación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos. | Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa experiencia plurilingüe. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente cando menos no 50% das ocasións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade |

Contidos

- (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo a cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicárase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, inclúense no plan lector do centro.
- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.
- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas

lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando o compoñente de multiculturalidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Manuais de texto |
| Material de elaboración propia |
| Documentos auténticos |
| Aula virtual |
| Páxinas web vinculadas ao FLE |
| Diccionarios en papel e en liña |
| Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) |
| Xogos de elaboración propia |
| Xogos comerciais aplicables á materia |
| Probas tipo DELF e outras certificacións |

- O manual de referencia empregado no centro será Club Parachute 1, (Livre de l'élève et Cahier d'activités) da editorial Santillana.. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.

- Empregaranse páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregaranse na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún

contido, mais tamén se usarán aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo os modelos das probas de certificación do DELF Scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e o perfil de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Adicarase á avaliación inicial as tres (3) primeiras sesións do curso.

- Proporase unha rúbrica de autoavaliación, que se reutilizará ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.

- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar, menor).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 5 | 10 | 15 | 15 | 25 | 25 | 100 |
| Proba escrita | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 |
| Táboa de indicadores | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 |

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 desta programación, para cada unha das UD.

a) A cualificación obtida por cada alumno/a en cada avaliación será froito da suma de tódolos elementos expostos. A valoración de cada un destes aspectos ao longo do curso será a seguinte para o nivel de 1º de ESO:

-Exames.....80%
 (gramática e vocabulario: 60%; comprensión e exp. escritas:.....10%;
 comprensión e exp. oral:10%)
 -Realización dos deberes ou tarefas propostas 10%
 -Comportamento, traballo na clase, interese..... 10%

A non realización das tarefas para casa e os negativos de comportamento restarán 0,2 ata esgotar a cualificación que corresponde a cada un destes apartados.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos

aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado. Estas tarefas serán ponderadas dentro da porcentaxe correspondente ao 80% dos exames, sendo anunciada sempre a súa ponderación ao alumnado antes da súa realización e figurará na Aula Virtual.

c) A cualificación trimestral obtérase da media aritmética das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.

De cara á cualificación da avaliación ordinaria, se a nota máis alta é a da terceira avaliación, esa será a nota correspondente á cualificación. De ser máis baixa, a cualificación da avaliación ordinaria obtérase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20% - 30% - 50% respectivamente), dado que a avaliación é continua, progresiva e sumativa. Os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra. No caso dos alumnos que non superen algunha das avaliacións quedarán aprobados, se aproban a terceira avaliación.

d) Considerarase aprobado/a (e polo tanto aprobada a materia de francés do curso correspondente) o/a alumno/a que teña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Estes alumnos, no período abranguido entre a terceira avaliación e a final, realizarán actividades de revisión e/ou ampliación de contidos e poderán mellorar a nota da terceira avaliación nun punto como máximo. A cualificación obtida na avaliación ordinaria poderá ser superior pero nunca inferior á nota da terceira avaliación.

e) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

f) Se algún alumno copia no desenvolvemento dalgunha das probas realizadas será cualificado nesa proba cun 0 e retiráraselle no momento en que o profesor evidencie este feito.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para a outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles que permitan continuar co proceso educativo.

c) Tendo en conta a orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia, o alumnado que non supere a materia na terceira avaliación terá a posibilidade de realizar unha ou dúas probas escritas para acadar os contidos mínimos esixíbeis antes do 21 de xuño do 2024.

d) ALUMNADO PENDENTE: Os alumnos que promocionen no curso 2023-24 coa materia de francés pendente, serán informados e coordinados polo Departamento de Lingua Francesa a principios do curso 24-25. Os contidos esixibles para a superación da materia serán os mínimos establecidos na programación do curso académico para os distintos niveis, contidos que serán postos en coñecemento dos alumnos afectados, xunto cos criterios de cualificación e datas dos exames.

A avaliación da materia realizarase a través de dúas probas escritas nos meses de febreiro e maio respectivamente, sendo a segunda proba de carácter final. Previamente á realización das probas, os alumnos deberán entregar unhas actividades propostas polo departamento (en papel ou a través da Aula Virtual) que se centrarán nos aspectos máis importantes da materia. As actividades suporán como máximo o 40% da nota global da proba, supoñendo o exame o 60% restante da mesma.

Será necesario obter en cada unha destas convocatorias unha nota igual ou superior a 5 (entre o exame e as actividades) para superar a materia. Os que non acaden esta cualificación terán que presentarse a un examen global no mes de xuño. A proba será puntuada sobre 10 puntos (70% gramática e vocabulario, 30% comprensión/expressión escrita).

Será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos para superar a materia.

Cabe sinalar, con todo, dado o carácter progresivo da materia, que se o alumno supera na primeira avaliación de 2º ESO a materia (na que se repasan os contidos máis importantes do curso anterior) terán superado o francés de 1º.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen coma finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé e que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, coma profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración constante co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación no que se refire á planificación e ao desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios de deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármonos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso e sempre que os faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, pórase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que

medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos da infancia | | X | | | X | | |
| ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible | | | | X | | X | |
| ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual | | | X | | X | | X |
| ET.6 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital | | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Emprendemento social e empresarial | | | | X | X | X | X |
| ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|----------------------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.13 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Recomendacións de lecturas. | O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés, aínda que para este nivel teñen que ser lecturas moi básicas. | | X | X |
| Audicións de música francófona | Nunha das dúas sesións de clase reservaremos os últimos cinco minutos para a audición de música francófona para que os alumnos se acheguen a ela. | X | X | X |
| Teatro/cine en francés | Os alumnos de 3º e 4º ESO acudirán á representación dunha obra teatral en francés, da compañía BHM Producións. | | X | |
| Chandeleur | Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur, propoñendo a realización dalgunha actividade en torno a esta celebración. | | X | |
| Semaine de la francophonie | Segundo o calendario oficial, celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc. | | X | |
| Actividades, exposicións, certames ou actos culturais | O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico. | X | X | X |
| Xogos, exposicións, actividades e concursos | O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras. | X | X | X |
| Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE | No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará ao alumnado das características dos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento fará probas deste tipo ao alumnado para que poidan prepararse cara a unha futura realización das probas de certificación do DELF scolaire A2, B1 ou B2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MEQR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa. | X | X | X |

Observacións:

A realización dalgunhas das actividades estará supeditada ao ritmo que se siga no desenvolvemento do currículo, que sempre será o prioritario.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos. |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA. |
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación. |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |
| Metodoloxía empregada |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver. |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| Adecuación do libro de texto. |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc. |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA. |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas. |
| Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia. |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA. |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. |
| Clima de traballo na aula |
| Nivel de satisfacción do alumnado. |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. |
| Outros |
| Resultados de avaliación. |

Descrición:

a) Enquisa: Na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Propórase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Biología e xeoloxía | 1º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 19 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira durante este 1º da ESO en torno á anatomía e a fisioloxía do corpo humano, incidindo na importancia de promover hábitos para o coidado da saúde.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI Feal. O C.P.I. do Feal é un centro público no Concello de Narón. O Concello, froito do gran incremento demográfico experimentado nos últimos anos, conta con case 40.000 habitantes. O centro sitúase nun ambiente semiurbano, moi próximo aos polígonos industriais das Lagoas e do Río do Pozo, que constitúen os grandes motores económicos do Concello o que fai que o colexio estea moi ben comunicado, tanto co resto do Concello a través da estrada de Cedeira e estrada de Castela, como cos concellos limítrofes a través da autoestrada A-6 e da autovía AG-64. Narón, na súa zona urbana conta todos os servizos propios dunha cidade: centro de saúde, biblioteca, auditorio, Pazo da Cultura, pavillóns polideportivos e piscina climatizada, entre outros. Ademais dende hai dous cursos, o Concello cédenos o Pazo da Cultura para a celebración do festival de fin de curso. A zona rural do Concello está ben comunicada co centro urbano polo que se pode dicir que conta con bastantes servizos. Ademais, en todas as parroquias do rural hai locais sociais e agrupacións veciñais que durante todo o ano organizan diferentes actividades culturais e deportivas o que contribúen a súa dinamización. O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC), segundo os datos da última Avaliación de Diagnóstico, sitúa ao noso centro nun nivel medio baixo

Esta programación está deseñada para tres grupos de 1ºESO, de 30 alumxs cada un con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

Tamén temos que indicar que ao inicio de curso hai sete alumxns con adaptación curricular.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|-------|-----------|-------|----|----|------|
| OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas. | 1-2-5 | | 4 | 2-3 | | | | 4 |
| OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas. | 3 | 1 | 4 | 1-2-3-4-5 | 4 | | | |
| OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas. | 1-2 | | 2-3-4 | 1-2 | 3 | | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|---------|----|-------|-----|-----|------|
Utilizaranse os recursos bibliográficos, musicais e audiovisuais das aulas e da biblioteca do centro.

Nas actividades extraescolares e complementarias empregaranse os recursos alleos que precise a organización da actividade.

O alumnado deberá asistir ás clases da materia de Educación Física provisto de roupa e calzado deportivo axeitados ás actividades a realizar.

Todos os materiais que sexan necesarios para a aprendizaxe da materia referidos a apuntes ou libro de texto, serán proporcionados polos profesores/as de EF en cada curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As primeiras clases utilizaranse como test no senso de ver cal é o nivel motriz do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 34 | 17 | 15 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A materia avaliarase do seguinte xeito:

Traballo teórico para a preparación dos apuntes ou asimilación dos contidos, 10%.

Participación nas clases, en canto á realización das prácticas coa indumentaria axeitada, 20%.

Exame ou proba de carácter teórico, 40%.

Exame ou proba de carácter práctico, 30%.

Puntualizacións:

- No caso de non poder realizar as prácticas ou exame práctico mediante acreditación médica, proporase un traballo ou proba teórica para compensar a nota dun ou outro suposto. Se non se aportase dita acreditación non se terá dereito á realización do exame práctico e se considerará abandono da materia.

- No caso de que nalgún contido só se esixa polo profesor a realización dun dos dous exames ou probas, valerá un 70% da nota.

- No caso de non ser solicitado o traballo teórico, a participación valerá un 30% da nota.

Criterios de recuperación:

- No caso de suspenso nunha das avaliacións, o profesor realizará novamente unha proba de tipo teórico e / ou práctico para recuperar a avaliación, considerándose como nota de tal proba apto ou non apto, e contando en caso de apto, cinco puntos de cara á avaliación final.

Para aprobar a materia será necesario obter unha cualificación de 5 ou máis puntos no total da avaliación. No caso de non acadar os cinco puntos na avaliación final, a materia quedará pendente para o curso seguinte.

O aprobado nun curso implica a recuperación automática do curso anterior. No caso de existir máis dun curso pendente, o Departamento propondrá a realización dun exame, proba ou traballo para recuperar os cursos anteriores.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- No caso de suspenso nunha das avaliacións, o profesor realizará novamente unha proba de tipo teórico e / ou práctico para recuperar a avaliación, considerándose como nota de tal proba apto ou non apto, e contando en caso de apto, cinco puntos de cara á avaliación final.

Para aprobar a materia será necesario obter unha cualificación de 5 ou máis puntos no total da avaliación. No caso de non acadar os cinco puntos na avaliación final, a materia quedará pendente para o curso seguinte.

O aprobado nun curso implica a recuperación automática do curso anterior. No caso de existir máis dun curso pendente, o Departamento propondrá a realización dun exame, proba ou traballo para recuperar os cursos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo as circunstancias poderase adaptar o material didáctico, variar a metodoloxía, propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas, organizar grupos de traballo flexibles, acelerar ou frear o ritmo de introdución de contidos, organizalos e secuencialos de forma distinta, dar prioridade a uns bloques de contidos sobre outros, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|--|------|------|------|------|------|
| ET.1 - ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA | X | X | X | | |
| ET.2 - ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA | X | X | X | X | |
| ET.3 - ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL | X | | | X | |
| ET.4 - ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL | X | X | X | X | |
| ET.5 - ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL | X | | X | | |
| ET.6 - ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO | X | X | X | X | X |
| ET.7 - ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES | X | X | X | X | X |
| ET.8 - ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO | X | X | X | X | X |
| ET.9 - ET.9 - CREATIVIDADE | X | | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Visita pistas atletismo concello | Práctica en instalacións deportivas axeitadas para as actividades atléticas. | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--------------------------|
| Porcentaxe de aprobados. |

Descrición:

Será axeitado o proceso de ensino se a maioría dos alumnos acadan unha nota igual ou superior ó aprobado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase un seguimento do número de sesións e contidos para garantir o cumprimento do planificado. Avaliarase positivamente o cumprimento do planificado, e se non é o caso axearase cara ó vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|--|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación plástica, visual e audiovisual | 1º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 22 |

1. Introducción

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. Para moitos alumnos, 1º da ESO é a súa primeira experiencia con certas técnicas gráfico-plásticas, ferramentas e procedementos. Tamén cun profesor especialista da materia, polo que é necesario que lles sirvamos de acicate e os estimulemos para despertar a súa creatividade, sen prexuízos nen vergoña, ó mostrar o seu proceso creativo e o traballo plástico finalizado ao resto do alumnado e aos docentes.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|-----|------|
| OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación. | 1 | 3 | | | 3 | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos. | 1 | | | | 1-3 | 1-3 | | 1-3 |
| OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio. | 1-2 | | | 1 | 4 | 1-3 | | 2 |
| OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas. | 2 | 3 | | 1-2 | 3 | 3 | | 2 |
| OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza. | 2 | | | 5 | 1-3-4 | 3 | 1-2 | 3-4 |
| OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social. | 2 | | | 1 | 3 | 1 | | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico. | 2-3 | | 3 | 1-5 | | 1-3 | | 4 |
| OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal. | 1 | | 2-3 | 3 | 3-5 | | 3 | 4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos. | Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico, incorporando ademais a perspectiva de xénero. Xéneros artísticos e evolución ao longo da historia da arte. | 7 | 6 | X | | |
| 2 | A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración. | Punto, liña e plano. Forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas dos elementos visuais. Recursos para expresar sentimentos e sensacións a través da linguaxe visual. | 7 | 6 | X | | |
| 3 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas. | Uso e características das técnicas planas, secas e húmidas e a súa utilidade na expresividade artística. | 10 | 7 | X | | |
| 4 | O volume como experiencia expresiva. | Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. | 12 | 7 | X | X | |
| 5 | Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións. | Introdución aos trazados xeométricos básicos: ángulos, triángulos, polígonos regulares e irregulares, teorema Thales, proporcionalidade, construción dun polígono nun número calquera de partes iguais, elementos notables... | 20 | 11 | X | X | X |
| 6 | Os sistemas de representación. Vistas diédricas. | Introducción ós sistemas de representación: sistema diédrico. Nocións básicas da súa metodoloxía. | 8 | 6 | X | X | X |
| 7 | A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías. | Función informativa, comunicativa, expresiva e estética. A imaxe fixa, | 6 | 9 | | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7 | A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías. | secuenciada e en movemento. Formatos analóxicos e dixitais das imaxes. | 6 | 9 | | X | X |
| 8 | O cómic | Imaxen fixa: a linguaxe do cómic. Orixe, evolución e exemplos significativos. | 15 | 9 | | | X |
| 9 | A fotografía | Imaxe secuencial: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios evolución e características. | 15 | 9 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos. | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero. | Interpretar o contexto sociopolítico e histórico baixo o que unha obra de arte está creada, para entender a perspectiva de xénero que condiciona a obras e artistas ao longo da historia da arte. | PE | 30 |
| CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero. | Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado. | TI | 70 |
| CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte. | Entender minimamente a orixe, a repercusión e a importancia do noso propio patrimonio para poder entender o patrimonio cultural e artístico universal. | | |
| CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais. | Discriminar e entender minimamente os distintos contextos culturais e históricos e como estes inflúen nas obras de arte correspondentes, tendo en conta os factores sociais e formais que os condicionan. | | |
| CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Valorar as distintas producións artísticas, tamén as creadas na aula, sendo minimamente críticos, curiosos e respectuosos coas múltiples solucións creativas dos distintos contextos culturais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Os xéneros artísticos máis destacados. |

| Contidos |
|---|
| - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 2 | A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas. | Valorar as principais linguaxes das producións creativas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes. | Experimentar minimamente, para despois elixir os recursos técnicos máis axeitados, co gallo de achegarse aos fins expresivos buscados. | | |
| CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito. | Crear producións artísticas, dun xeito individual ou colectivo, coas técnicas máis idóneas para mostrar a integración de racionalidade, empatía e sensibilidade. | | |
| CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo. | | |
| CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias. | Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - A linguaxe visual como forma de comunicación. |
| - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. |
| - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 3 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas. | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | TI | 100 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. | | |
| CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias. | | |
| CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar. | Explicar, dun xeito mínimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------------------|-----------------|
| 4 | O volume como experiencia expresiva. | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. | | |
| CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias. | | |
| CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar. | Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 5 | Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo. | PE | 50 |
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | TI | 50 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar. | Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 6 | Os sistemas de representación. Vistas diédricas. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo. | PE | 50 |
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | TI | 50 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar. | Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 7 | A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías. | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade. | Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado. | TI | 100 |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | | |
| CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais. | Valorar as principais linguaxes das producións creativas. | | |
| CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias. | Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas. | | |
| CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo. | | |
| CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 8 | O cómic | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade. | Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado. | TI | 100 |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | | |
| CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais. | Valorar as principais linguaxes das producións creativas. | | |
| CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias. | Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas. | | |
| CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo. | | |
| CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. |
| - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 9 | A fotografía | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade. | Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos. | Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia. | | |
| CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais. | Valorar as principais linguaxes das producións creativas. | | |
| CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias. | Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas. | | |
| CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva. | Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa de xeito individual ou colectivo. | | |
| CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.

2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.

3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.

4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.

5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.

6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc. |
| Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla. |
| Aula de informática do centro. |
| Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro. |
| Materiais pictóricos fuxíbeis: carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica ou témpera das cores primarias, branca e negra. |
| Materiais para estampar. |
| Materiais para modelado. |
| Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc. |
| Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc. |

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Papel para debuxo.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.

- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 10 | 12 | 20 | 8 | 6 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 30 | 0 | 0 | 0 | 50 | 50 | 0 | 0 | 0 | 16 |
| Táboa de indicadores | 70 | 100 | 100 | 100 | 50 | 50 | 100 | 100 | 100 | 84 |

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%

Estes traballos se realizarán exclusivamente na clase. O alumnado que por ausencia xustificada non poida asistir e non se dispón de información suficiente para a súa avaliación, se lle programará as actividades noutras datas, sempre dentro da aula.

b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na calificación dos mesmos. Non se aceptarán traballos fora das datas marcadas previas a avaliación. Serán tidos en conta posteriormente no proceso de recuperación das mesmas.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

É importante remarcar que a superación da materia será o resultado das tarefas realizadas exclusivamente durante a clase. Aquelas mandadas para rematar na casa, terán un calificación exclusiva para a subida de nota, sempre que se chegue a unha media de 5 no traballo de clase.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 40%

A/o alumna/o superará a materia cunha media de 4,5 ou superior.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal é que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto sexan detectadas, e que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración dos traballos encomendados. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditos traballos, se farán na clase nas datas acordadas co profesorado, salvo outras indicacións (por exemplo, rematar algún na casa).

Por cada trimestre, haberá un período de recuperación.

É importante remarcar polo tanto, que a superación da materia será o resultado das tarefas realizadas exclusivamente durante a clase.

RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, poderá presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

a) Elaboración das tarefas pendentes de entrega ou suspensas, a realizar durante no tempo de clases guiado polo profesorado, e parte na casa. Peso porcentual na nota: 60%

b) Proba teórico-práctica. Peso porcentual na nota: 40%

Se acada unha media de 4,5 ou superior considerarase a materia superada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado realizará un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas dende o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

- Data entrega 1º bloque: 15/02/2024. Porcentaxe da nota final, 30%.

- Data entrega 2º bloque: 08/05/23. Porcentaxe da nota final, 30%.

Duas probas teórico-prácticas:

- Primeira proba: 21/02/23. Porcentaxe da nota final: 20%.

- Segunda proba: 15/05/23. Porcentaxe da nota final: 20%

Se a media é igual ou superior a 4,5 darase a materia por superada.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre

outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice

tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | X | | | | | | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | X | X | | | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | X | | X | X | | | | |
| ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | X |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero. | X |
| ET.9 - Creatividade. | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | |
| ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. | X |
| ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. | X |

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------|------------|----------|----------|----------|
| Por determinar. | . | X | X | X |

Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións. |
| (P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este. |
| (P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación. |
| Metodoloxía empregada |
| (A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei. |
| (M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer. |
| (M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas. |
| (M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes. |
| (M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc. |
| (M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual. |
| (M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará... |
| (A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo. |
| (A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado. |
| (A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias. |
| (A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado. |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| (AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc. |
| (AD) A miña programación ten en conta a diversidade. |
| (AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual. |
| (AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame. |
| (AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo). |

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 1º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 39 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 40 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 40 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 41 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 42 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 43 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 43 |
| 7.2. Actividades complementarias | 45 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 45 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 47 |
| 9. Outros apartados | 47 |

1. Introducción

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. Por outra banda, no contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

A área de Lingua Castelá e Literatura ten como finalidade primeira a mellora da competencia comunicativa, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Así, a linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento

integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Na nosa programación os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas. Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas nove unidades didácticas propostas. Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|---------|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|---------|
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Comunicando. | Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas. Reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se | 10 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Comunicando. | transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. Para isto estudaremos tamén os dicionarios. Asemade para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras literarias, é necesario dedicar esta unidade introdutoria que abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Como en todas as nosas unidades deixaremos tamén un espazo para a reflexión ortográfica (reglas xerais de acentuación). | 10 | 11 | X | | |
| 2 | Una gran familia de lenguas. | Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos. Comezaremos o estudo e reflexión sobre a lingua fixándonos no sustantivo e nas relacións semánticas entre palabras (sinónimos e antónimos) Como en todas as nosas unidades deixaremos tamén un espazo para a reflexión ortográfica (ditongos, hiatos, til diacrítico). | 10 | 11 | X | | |
| 3 | Hay una carta para ti. | Utilizaremos esta unidade para estudar os textos que nos permiten unha comunicación directa cos demais, a correspondencia, traballando a carta e o correo electrónico. Seguiremos o estudo da lingua prestando atención aos determinantes e as relacións semánticas entre palabras, neste caso atendendo a hipónimos e hiperónimos. No bloque de literatura comezaremos o contacto cos textos narrativos. Seguiremos co repaso ortográfico fixándonos neste caso no uso de G e J. | 10 | 12 | X | | |
| 4 | Viejas historias. | Esta unidade servirá para seguir profundizando nos textos narrativos, adentrándonos na tradición, da man das lendas e os mitos. O estudo da lingua irá da man dos pronomes e a reflexión ortográfica neste caso se fará repasando o uso de B e V. | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Pintar con palabras. | Nesta unidade pintaremos con palabras grazas ao estudo do texto descriptivo e o adxectivo. Adentrarémonos tamén no xénero lírico, prestando especial atención á | 15 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | Pintar con palabras. | linguaxe figurada e ás figuras literarias. No campo das relación semánticas entre palabras atenderemos á polisemia e no estudo da ortografía ao uso de LL e Y | 15 | 12 | | X | |
| 6 | El mundo de la información. | Adentrámonos no mundo da información da man da noticia e da entrevista. Pretendemos que o noso alumnado tome contacto cos medios de comunicación e comece a desenvolver a súa capacidade crítica. Prestaremos atención aos usos verbais e reflexionarán sobre o proceso de creación de palabras. Seguiremos o repaso ortográfico fixándonos no uso de S e X. No bloque de educación literaria seguiremos profundizando nos subxéneros líricos. | 10 | 12 | | X | |
| 7 | La publicidad. | Segundo cos medios de comunicación estudaremos nesta unidade os textos publicitarios, que tanta presenza teñen na nosa sociedade. Para reflexionar sobre a lingua traballaremos coas palabras invariables (prep, conx, adverbios, interxección) e coa revisión ortográfica da letra H. Seguiremos indagando na formación do léxico español: abreviaturas, siglas, acrónimos, extranxerismos e préstamos. Para finalizar a unidade comezaremos a estudar o xénero dramático. | 10 | 11 | | | X |
| 8 | Hablemos. | Esta unidade está destinada a traballar a expresión das nosas ideas e opinións e a poñer en valor o respecto polas alleas, utilizando para isto o estudo e a práctica coa conversación e o debate. Comezaremos a tratar a estrutura das oracións (sintagma nominal/ sintagma verbal) e fixáremonos no uso dos signos de puntuación. Esta unidade servirá tamén para reflexionar sobre os cambios de significado das palabras. Seguiremos profundizando no estudo dos subxéneros dramáticos. | 15 | 12 | | | X |
| 9 | El decálogo del buen lector. | Nesta unidade imos familiarizarnos con textos prescritivos da vida cotidiana; normas e instrucións. Seguiremos estudando a oración, prestando atención ás modalidades oracionais e os conectores textuais e continuaremos traballando os signos de puntuación- A unidade servirá tamén para que o alumnado reflexione sobre os seus propios hábitos lectores, elixa e analice as obras | 10 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9 | El decálogo del buen lector. | que lle gustan e comparta as súas preferencias cos seus compañeiros. | 10 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | Comunicando. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais. | PE | 70 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante. | | |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | O alumnado ten que identificar as ideas principais de textos alleos e ser quen de aportar o seu punto de vista persoal. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado será capaz de producir textos adecuados de diferentes tipoloxías textuais, cunha ortografía correcta, co vocabulario apropiado, e cunha organización lóxica e coherente das ideas. | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar características da literatura oral e escrita | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar características da literatura oral e escrita | | |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado deberá ser capaz de identificar distintos elementos da comunicación en diferentes situacións propostas. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado deberá ser capaz de identificar distintos aspectos gramaticais, de orixe e de uso de palabras nun dicionario. | | |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. | | |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | TI | 30 |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá. | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura. | Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións. | | |
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado terá que detectar, como mínimo, a linguaxe sexista nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | O alumnado participa activamente no desenvolvemento da clase, aportando reflexións, respostas ou dúbidas. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas. | | |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | O alumnado ten que aplicar correctamente os coñecementos previos, discriminar a información útil, organizala de forma crítica e presentala cunha perspectiva persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |

Contidos

- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2 | Una gran familia de lenguas. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán. | PE | 70 |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante. | | |
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Os alumnos e as alumnas terán que consultar o significado das palabras descoñecidas nas lecturas en clase, así como buscar a recoñecer palabras sinónimas e antónimas. | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará aspectos relacionados co substantivo e será quen de localizalos en textos. | | |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. | TI | 30 |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios. | | |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | O alumnado participará activamente nas sesións de clase, preguntando dúbidas, contestando a preguntas sobre as explicacións ou facendo intervencións en relación cos contidos tratados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía) e subsanará as incoherencias dos textos propios. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | | |
| CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas. | Formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos. | | |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | TI | 55 |
| CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | | |
| CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | Adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | | |
| CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Elixo e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | | |
| CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Explica e argumenta, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | | |
| CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. |

Contidos

- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 9 | As heroínas tamén contan | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | PE | 34 |
| CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | | |
| CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | Identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | | |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado e utilizando recursos verbais e non verbais. | TI | 66 |
| CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Elixo e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | | |
| CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | | |
| CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de actividades significativas para o alumnado, baseadas en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que

contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|------------------|
| Ver observacións |

O material didáctico fundamental serán os recursos proporcionados por Edixgal ademais do uso deste material, neste curso de 1º ESO completárase a explicación con outros materiais didácticos elaborados polo profesorado (textos ou exercicios que axuden a reforzar os contidos) e co libro de Anaya 1º ESO.

Empregaranse, sempre que sexa posible, as novas tecnoloxías a través de gravacións de textos, música, vídeos así como do uso da rede Internet como fornecedora de información.

Para alén disto, sempre se botará man da prensa diaria á hora de chegar aos alumnos a aspectos da actualidade ou relacionados con temas do currículo.

Á hora de facer traballos ou buscar informacións, animarase aos alumnos a utilizar os medios básicos (enciclopedias, libros de texto, medios de prensa, revistas de actualidade, etc.) facilitándolles o acceso á Biblioteca do centro, así como ás novas tecnoloxías (Internet).

Finalmente, tamén se fará uso das lecturas marcadas polo departamento para cada nivel.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 11 | 11 | 11 | 12 | 12 | 12 | 11 | 11 | 100 |
| Proba escrita | 57 | 49 | 57 | 53 | 45 | 61 | 31 | 45 | 34 | 48 |
| Táboa de indicadores | 43 | 51 | 43 | 47 | 55 | 39 | 69 | 55 | 66 | 52 |

Criterios de cualificación:

En cada trimestre faranse un ou dous exames. As preguntas estarán relacionadas cos contidos traballados e, tendo en conta que a materia é de contidos progresivos, incluíranse en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados en probas previas. Nos exames penalizarase con -0,1 cada falta de ortografía. Así mesmo, penalizarase tamén con -0,1 cada falta de coherencia, cohesión, adecuación e gramaticalidade cometidas (registro de lingua inadecuado, mala presentación, organización inconexa das respostas, erros de puntuación). A baixada máxima por estas penalizacións será de 2 puntos. Os exames poderán tamén incluír un apartado oral a realizar o día do exame ou noutrora data a fixar na que se valorarán as capacidades orais do alumno respecto do seu nivel. A media obtida coas notas destes exames, incluídas as penalizacións, constituirá o 80% da nota final da avaliación.

En cada trimestre o alumnado tamén deberá ler un libro de lectura, facer un traballo de investigación ou outra tarefa proposta polo Departamento do que deberá avaliarse a través dunha proba (oral ou escrito) ou dun traballo. Nesta proba valorarase a comprensión lectora e a expresión oral ou escrita segundo o caso e tamén se aplicaran as penalizacións citadas no apartado anterior. A nota desta proba suporá o 10% da nota final da avaliación O 10% restante da nota final da avaliación virá dado polo traballo, o comportamento e a actitude, en termos de participación activa na aula, cara á materia por parte do alumno/-a. Neste apartado valorarase o feito de traer o material pertinente, o traballo diario de facer os exercicios e/ou traballos que se manden, tanto na aula como na casa, o uso da lingua oral na aula e ter un comportamento adecuado co resto de compañeiros e coa profesora. Cada chamada de atención negativa ao respecto suporá -0,20 puntos ata chegar ao punto. Unha vez sumadas as notas ponderadas, o alumno/-a deberá acadar unha nota mínima de 5 para aprobar a materia. No caso de que a nota obtida teña decimais esta redondearase do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ou iguais ao 5 redondearase cara abaixo e se son superiores a 5 cara arriba. A nota final de xuño será o resultado de calcular a media entre as tres avaliacións, sendo necesario chegar como mínimo a un 5 para superar positivamente a materia. . A alumna/o que lograse superar a materia e decida presentarse á convocatoria ordinaria manterá en todo caso a nota obtida por trimestres no caso de que a nota da convocatoria ordinaria sexa inferior á obtida ao remate do terceiro trimestre. Neste exame avaliarase de todos os contidos vistos ao longo do curso e na súa corrección teranse en conta as mesmas penalizacións: - 0,1 por cada falta de ortografía, erro de puntuación, falta de coherencia, cohesión, adecuación e gramaticalidade cometidas. A baixada máxima por estas penalizacións será tamén de 2 puntos. Para superalo será preciso sacar como mínimo un 5, xa descontadas as penalizacións. No caso de que a nota obtida teña decimais esta redondearase do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ou iguais ao 5 redondearase cara abaixo e se son superiores a 5 cara arriba. O feito de sorprenden a un alumno copiando por un compañeiro, mediante chuleta, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación implicará o suspenso automático na mesma, sendo a súa nota 0. O mesmo sucederá con aqueles que falen con compañeiros durante a realización da proba. En caso de que esta incidencia se producise durante a realización da convocatoria ordinaria de xuño aplicarase o mesmo criterio.

Cando un/unha alumno/a non se presente a unha proba sen xustificación oficial, a cualificación en dita proba será de 0. En caso de que a ausencia sexa xustificada oficialmente, a profesora facilitaralle outra data.

Criterios de recuperación:

O alumno/a que non consiga superar a materia grazas aos exames parciais dos tres trimestres poderá presentarse á convocatoria ordinaria de xuño. Aqueles que non conseguisen un 5 na nota media . poderán presentarse á convocatoria ordinaria de xuño coa parte na que non acadou o aprobado. Neste exame avaliarase de todos os contidos vistos ao longo do curso e na súa corrección teranse en conta as mesmas penalizacións: - 0,1 por cada falta de ortografía, erro de puntuación, falta de coherencia, cohesión, adecuación e gramaticalidade cometidas. A baixada máxima por estas penalizacións será tamén de 2 puntos. Para superalo será preciso sacar como mínimo un 5, xa descontadas as penalizacións. No caso de que a nota obtida teña decimais esta redondearase do seguinte xeito: se os decimais son inferiores ou iguais ao 5 redondearase cara abaixo e se son superiores a 5 cara arriba. O feito de sorprenden a un alumno copiando por un compañeiro, mediante chuleta, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación implicará o suspenso automático na mesma, sendo a súa nota 0. O mesmo sucederá con aqueles que falen con compañeiros durante a realización da proba.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: "Ao longo de cada curso farase o seguimento da recuperación das materias pendentes".

Canto á recuperación das materias pendentes, será competencia da xefatura de departamento a organización das probas ou exames oficiais de avaliación, dúas, unha en xaneiro ou febreiro e outra en maio, para todos/as aqueles/as alumnos/as coa materia pendente a/o xefa/e de departamento estará en constante coordinación co profesorado que teña alumnado pendente. A información, a principio de curso, sobre actividades de recuperación, a orientación ao alumnado coa materia pendente, o deseño das actividades de seguimento e a avaliación destas actividades e /ou dos exames oficiais será tarefa do profesorado que lles imparte clase aos/ás alumnos/as implicadas. A data dos dous exames será anunciada con suficiente antelación, tanto oralmente, a través do profesorado, como a través dos correspondentes anuncios no taboleiro específico no corredor do centro, e no taboleiro das aulas. Unha vez corrixidos os exames polo profesorado, estes comunicarán a cualificación do/da alumno/a pendente á/ao xefa/e de departamento, quen será a/o encargada/o de comunicarlle ao xefe de estudos ou, no seu caso, de comunicala na avaliación de pendentes.

- Probas escritas: dividiremos os contidos da materia entre a proba parcial de xaneiro ou febreiro e a de maio. De aprobaren a 1ª parte, presentaríanse en maio só coa 2ª parte da materia. De non seren avaliados positivamente en febreiro, examinaríanse en maio do total dos contidos esixidos.

Preparación das probas: co obxecto de preparar estas probas, aplicaranse os contidos mínimos esixibles para cada curso. Estes alumnos e alumnas recibirán asesoramento e poderán consultar dúbidas tanto por parte do/a profesora/a que lles imparte no curso actual a materia e, especialmente, polo/a xefe/a de departamento. Farase o seguimento do alumnado suxerindo tarefas (proporcionaremos un caderno de traballo que dividirá os contidos atendendo aos dous parciais arriba indicados) que se irán corrixindo ao longo do curso.

En todos os niveis, cómpre obter un mínimo de 5 puntos para aprobar.

6. Medidas de atención á diversidade

O feito diferencial, que caracteriza a especie humana, é unha realidade insalvable que condiciona todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc.

Todo iso sitúa os docentes na necesidade de educar en /e para a diversidade. A expresión "atención á diversidade" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, alumnos con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os alumnos e alumnas escolarizados en cada grupo-clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e das alumnas débese garantir desde o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumno concreto). Partindo destes principios, deseñaremos itinerarios de

aprendizaxe diversificados que atendan ás particularidades de cada alumna ou alumno. Incluiremos actividades de reforzo para procurar a aprendizaxe dos diferentes contidos con distinto grao de dificultade. Procuraremos atender tanto aos alumnos e alumnas con dificultades diversas de aprendizaxe así como a aqueles que amosen inquiredanzas ou capacidades superiores. Neste sentido tamén se traballará en estreita colaboración cos especialistas encargados de apoiar a integración de rapaces de etnia, considerando as especiais dificultades que amosan na aprendizaxe específica da materia que nos ocupa.

Na hora de libre disposición do centro adxudicada a Lingua Galega, faremos especial atención ao alumnado que teña máis dificultades, proporemos actividades adaptadas as necesidades e diversidades do alumnado. Aproveitaremos tamén esta hora para traballar a oralidade con debates, etc. sobre temas que esperen a motivación do alumnado e dedicaremos algunha que outra sesión á lectura.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - a comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | | | | | | X | | |
| ET.4 - a competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | | | | X | | | | |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | X | X | | | | X | | |
| ET.7 - a educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - a igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - a creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - a comprensión lectora | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | |
| ET.4 - a competencia dixital | X |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | X |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.7 - a educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - a igualdade de xénero | X |
| ET.9 - a creatividade | X |

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|------------------|----------|----------|----------|
| Non existen actividades previstas | Ver observacións | X | X | X |

Observacións:

O Departamento realizará ao longo deste curso varias actividades extraescolares e complementarias, ben en solitario ou ben en colaboración con outros Departamentos.

Neste sentido, a dispoñibilidade a colaborar interdisciplinarmente co resto do profesorado é algo que se establece a priori e se irá concretando segundo se propoñan actividades ao longo do curso.

Canto ás actividades complementarias propóñense as seguintes:

- Encontros con escritores para todos os alumnos do centro priorizando que sexan autores dos que teñan lido algunha obra e aproveitando a oferta das editoriais.
- Celebración de efemérides como o do Día da Muller Traballadora ou o Día do Libro.
- Celebración do Día das Letras Galegas.
- Visionado de cine e teatro galego en función da oferta que se nos vaia presentando ao longo do curso, tanto por parte do Concello como por entidades privadas.
- Colaboración coas actividades extraescolares ofertadas polo centro: Ciclo de Cine, Taller de Teatro, Festivais de Nadal, Entroido, Fin de Curso, etc.
- Colaboración coas actividades programadas pola Biblioteca do centro e polo Equipo de Dinamización Lingüística.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 5- O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos |
| 8- O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías |
| 9- Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 12- Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización |
| 13- Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos |
| 14- Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados |
| 21- As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase. |
| 23- Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora |
| Metodoloxía empregada |
| 6- As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| 15- Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 7- Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| 11- Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicación telemáticas |
| Medidas de atención á diversidade |
| 2.-Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia. |
| 3- Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 16- Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos. |
| Clima de traballo na aula |
| 1- Propiciouse un ambiente motivador na aula |
| 20- Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |

| |
|--|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 4- Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 10-Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.) |
| 17- Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.). |
| 18- Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora. |
| 19- Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia |
| 22- Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos |

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10. Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia. -Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada

trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD. -Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Entende a importancia de Grecia para o desenvolvemento da democracia como sistema político | PE | 70 |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe as características básicas da Hélade | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Elabora unha liña temporal simple | TI | 30 |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade grega | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 10 | A civilización romana | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Responde preguntas sobre textos históricos | PE | 70 |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe e identifica as características básicas da civilización romana | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Elabora unha liña temporal | TI | 30 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana | | |
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana | | |
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. | Coñece e interpreta críticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 11 | Os pobos xermánicos | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Identifica as causas do desmoreamento do Imperio Romano | PE | 70 |
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Identifica as pegadas do Reino Suevo | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Elabora unha liña temporal | TI | 30 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Responde preguntas sobre fontes históricas directas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. | Analiza criticamente o concepto de bárbaro | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 12 | As expresións artísticas na Antigüidade | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de identificar as características básicas de obras clave propostas | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Analiza a relación entre arte e civilización | TI | 30 |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e que o alumnado desenvolva actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo nos procedementos básicos da materia: a comprensión lectora e visual, a expresión oral e escrita, a argumentación en público, a comunicación audiovisual e competencia dixital.

Nalgúns aspectos da área, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar nos contidos esenciais do curso.

Por outro lado, cada alumno/a parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos desenvolver para adquirir os obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos, para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Exporase un proceso de ensino-aprendizaxe eminentemente práctico de tal forma que se forme ao alumnado coas capacidades e os coñecementos necesarios para que poida entender a realidade política, social, económica e cultural que nos rodea e ser crítico con ela. Teranse en conta, para iso, as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensino-aprendizaxe coa vida real; facilitar a construción de aprendizaxes significativas, relacionando o que xa saben cos novos contidos; favorecer a capacidade de aprender a aprender; crear un clima de aceptación e cooperación en clase fomentando o traballo en grupo.

As estratexias metodolóxicas que se poden empregar en función dos contidos aos que nos enfrontamos poden ser as seguintes:

- Estratexias expositivas. Consisten na presentación ao alumnado dunha serie de coñecementos por parte do docente. A explicación realizarase mediante a achega de documentos e artigos de prensa, presentacións, exemplos, medios audiovisuais, etc.

- Estratexias de indagación. Consiste en que o alumnado realice, coa guía do docente, a aprendizaxe pola súa conta. As técnicas didácticas concretas poden ser moi variadas: realización de traballos de investigación, tanto persoal como grupal, e a súa posterior exposición ante a clase; estudo de casos reais; debates sobre temas de actualidade; visitas a centros culturais ou artísticos.

En canto a súa tipoloxía, podemos clasificar as actividades en:

- Actividades de introdución: aquelas destinadas a introducir o tema e os contidos que se tratarán. Serán presentacións, proxeccións audiovisuais, determinados textos, imaxes, etc. Trátase de que o alumno/a realice un primeiro contacto coa unidade e se sinta interesado.

- Actividades de desenvolvemento: aquelas nas que os alumnos/as desenvolverán todos os conceptos, procedementos e actitudes en relación cos contidos plantexados para cada unidade. Insistiremos moito nestas actividades, en todas as relacionadas co manexo de diferentes fontes de informacións histórica. Entre elas: comentario de mapas xeohistóricos, uso de cronoloxías, localización de acontecementos en mapas de diversa índole, interpretación de diferentes linguaxes plásticas (obras de arte, fotografías, películas, documentais), análise de gráficas e tablas estadísticas, participación en debates e elaboración de breves traballos de investigación.

- Actividades de reforzo e ampliación: son as actividades que nos permiten adaptarnos ás circunstancias particulares do alumnado dos nosos grupos.

A estrutura das sesións (entre 45-50 min. de duración) será a seguinte:

- Segmento do profesor: o docente ten un papel máis relevante, e os alumnos/as un papel algo máis secundario aínda que en todo momento activo. Trátase de presentar ao alumnado a información e contidos correspondentes a cada sesión, xeralmente mediante a exposición oral e con apoios audiovisuais. En todo momento o alumnado pode intervir na explicación, ben para aportar ideas ou para preguntar ao docente sobre puntos que non quedaron claros. Este segmento non debe exceder dos 25 min.

- Segmento do alumnado: aquí o papel relevante teno o alumnado. Neste segmento realizaranse tanto actividades de tipo individual como en pequenos grupos ou en gran grupo. Este segmento terá unha duración de 20-25 min.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Plataforma EDIXGAL |
| Aula Virtual do Centro |
| Apuntamentos e fichas do docente |
| Portafolio virtual |
| Caderno de traballo do alumnado |
| Textos históricos ou historiográficos, mapas, gráficas, táboas estadísticas, obras de arte, imaxes, etc. |
| Prensa histórica e actual, testimonios persoais, novelas, manuais, etc. |

O centro está adscrito á rede EDIXGAL. Os alumnos/as contarán cun ordenador portátil, ferramenta principal para traballar cunha metodoloxía dixital a través da plataforma EDIXGAL. As editoriais das que se seleccionarán contidos e actividades son as seguintes: AulaPlaneta, Edebé e Netex. Moitos aspectos serán reforzados ou ampliados con apuntamentos e exercicios propios do docente. A Aula Virtual do centro será empregada como portafolio onde se gardarán os breves traballos de investigación asignados.

As aulas están equipadas cun ordenador para o docente, unha pizarra dixital, proxector, encerado e conexión a internet (cable ethernet / WIFI). Necesitaremos tamén software como procesador de textos, programas para presentacións, reprodutores audiovisuais, acceso a plataformas como Youtube, Webex, Netflix, Amazon Prime Video, Disney+ e HBO Max. As aplicacións Idoceo, Abalar e XADE son fundamentais no control e seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe do alumnado.

Os alumnos/as deberán contar de maneira obrigatoria con caderno de clase para a realización de moitas das actividades.

Empregaremos multitude de bibliografía, tanto en formato dixital como impreso, de onde se extraerán para traballar textos, mapas, imaxes, gráficas, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial mediante a realización dunha proba escrita que facilite non só o coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporcione información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias didácticas no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades de reforzo educativo, necesidades educativas especiais, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por desvantaxes de tipo socioeducativo).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (planificación de reforzos, adaptacións curriculares, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor, e tamén coas familias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|-----------|----------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 10 | 5 | 10 | 5 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-----------------------------|-----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 5 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 |

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de definir ou relacionar conceptos; de identificar e comentar diversos tipos de imaxes; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos de clasel; resumos e esquemas; exposicións orais, etc.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{T.I.} \times 30)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o

redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación mediante unha proba escrita, que se realizará a principios da seguinte avaliación. A nota máxima que se pode obter nunha proba de recuperación trimestral é un 5.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 30) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 35) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 35)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba final de recuperación en xuño, sendo avaliados dos trimestres suspensos. A proba reunirá as mesmas características que as realizadas ao longo do curso. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente.

O alumnado debe ter coñecemento das seguintes cuestións:

- As ausencias aos exames deberán ser debidamente xustificadas. De non presentar xustificación documental (informe correspondente) non existe a obriga de repetir o exame ao alumno/a.

- Durante os exames individuais, non se permitirá a tenencia, manexo ou emprego da calquera tipo de material, medio ou recurso, sexa ou non electrónico, que faga posible a copia, plaxio ou fraude. De producirse algunha irregularidade durante a proba procederase á retirada inmediata do exame, e a súa cualificación será un 0. Actuarase do mesmo xeito e coas mesmas consecuencias no caso de copia directa da proba dun compañeiro ou de axuda oral ou escrita ou de amosado da propia proba a outro compañeiro.

- O alumnado deberá cumprir os prazos de entrega de traballos, tarefas e cadernos determinados polo docente. Non se recollerá ningunha actividade, traballo ou caderno presentado fóra de prazo.

- Deberá manter a materia ao día, informándose non caso de que haxa faltas, aínda xustificadas, das actividades realizadas na súa ausencia.

- Debe ter un comportamento correcto cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento das dinámicas de clase.

-É imprescindible a utilización dunha expresión tanto oral como escrita correcta. No caso da expresión escrita, valorarase a ortografía, a sintaxe e a gramática utilizada polo alumnado. Descontarase 0,05 por cada erro gramatical, non contando os erros repetidos.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe algunha das avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na realización dunha proba escrita sobre os contidos esenciais traballados nos trimestres. Os exames de recuperación trimestrais terán as mesmas características que os realizados ao longo dos trimestres. A nota máxima que se pode alcanzar nun exame de recuperación é un 5.

Unha vez rematada a 3ª avaliación procederase a realizar a media ponderada das notas trimestrais. Os alumnos/as que presenten unha nota igual ou superior a 5 terán a materia aprobada. O alumnado suspenso deberá presentarse a un exame final de recuperación de maneira obrigatoria a finais do mes de xuño, sendo avaliados dos trimestres suspensos. A proba reunirá as mesmas características que as realizadas ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso polo seu profesor de Xeografía e Historia para explicarlle o plan de recuperación. O profesor titular da materia facilitará a principio de curso un caderno cos contidos mínimos a traballar, tanto do bloque de Xeografía como de Historia.

O alumnado realizará ao longo do curso dúas probas escritas para recuperar a materia. A primeira proba escrita terá lugar no mes de febreiro e será sobre o bloque de Xeografía e a segunda proba escrita realizarase no mes de maio e versará sobre o bloque de Historia. A materia de exame será en os contidos mínimos, segundo o nivel ao que se presente, que se especifican na programación didáctica.

Aqueles alumnos/as que superen a primeira proba parcial (peso do 50% sobre a nota final) só terán que realizar a segunda (o 50% restante da nota), pola contra os que non superen a primeira terán que repetila xunto coa segunda no exame do mes de maio (100% da nota final).

Para superar cada proba a nota ten que ser igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS ORDINARIAS

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Tendo en conta que as eivas relacionadas coa correcta expresión de ideas de forma escrita e oral, ao igual que a desmotivación, son elementos que dificultan enormemente a aprendizaxe, utilizaranse criterios pedagóxicos que se orienten a favorecer unha aprendizaxe significativa e, con esta finalidade, realizaranse a cotío actividades que potencien a expresión e comprensión escrita e oral que permitan axudar ao alumno/a a superar as dificultades e carencias e posibiliten acadar os obxectivos xerais de etapa e específicos de área.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Neste curso o Departamento de Xeografía e Historia contempla ter que desenvolver medidas extraordinarias de atención a diversidade con varios alumnos/as de 1º curso da ESO, que deberán cursar adaptacións curriculares individuais. As programacións de ditas adaptacións estarán elaboradas a partir dos contidos establecidos no proxecto curricular do Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Estas adaptacións baséanse nunha selección dos contidos en unidades didácticas nas que prima o carácter práctico e funcional, polo que se escolleron aqueles contidos conceptuais que se consideran elementais para a comprensión dos procesos históricos e aqueles procedimentais que reforzan a comprensión dos mesmos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|-----------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación cívico-social | | | X | | | | | |
| ET.2 - Educación ambiental | X | X | X | X | X | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | | | | | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - Emprendemento | | | | | X | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | | | | | | | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | X | X | X | X | X | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | | | | | | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | X | X | X | X | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Educación cívico-social | | | | |
| ET.2 - Educación ambiental | | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento | | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | |

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------------------|----------------|----------|----------|----------|
| Visitas a exposicións e museos | complementaria | | | X |
| Asistencia a charlas | complementaria | X | | |
| Excursións de interese didáctico | complementaria | | | X |
| Proxección de cine | complementaria | X | | |
| Asistencia a representacións teatrais | complementaria | X | | |

Observacións:

Farase unha saída didáctica ao Centro de Interpretación de Caldoval (Mugardos) para adentrarse nas costumes e vida cotía da civilización romana e tamén diversas saídas para a visualización de obras teatrais e cinematográficas.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Planifica leccións, ensina e avalía |
| Avalía e xulga en función dos criterios da programación |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Valoración xeral da materia |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros |

| |
|--|
| Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado |
| As actividades foron variadas e motivadoras |
| A temporalización foi adecuada |
| Realizouse a avaliación inicial |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación |
| Os criterios de cualificación foron axustados |
| Metodoloxía empregada |
| Demostra coñecemento da materia |
| Motiva ao alumnado |
| É ordenado nas explicacións |
| Explica con claridade |
| Resolve dúbidas |
| É innovador/a |
| Revisa a realización das tarefas propostas |
| Sabe dirixir as clases |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Emprega variedade de recursos |
| Cumpriu co horario de clase |
| Medidas de atención á diversidade |
| Valora o esforzo |
| Clima de traballo na aula |
| Crea ambiente de aprendizaxe |

Descrición:

Durante as reunións do Departamento de Xeografía e Historia programadas para este curso se realizará un cuestionario cos indicadores de logro que consideremos máis apropiados para as nosas materias. No dito cuestionario aparecerán os seguintes items:

En canto á atención á diversidade:

- Segundo as características de cada estudante, esixo diferentes resultados.
- Por norma, dou explicacións xerais.
- Ofrezo a cada un de maneira individual a explicación que precisa.
- Teño en conta a diversidade cando fago a programación.
- Tanto nas actividades como nos exames, hai actividades e exercicios máis ou menos sinxelos.
- Utilizo diferentes ferramentas de avaliación.
- Tendo a ter en conta a diversidade cando organizamos a clase ou se dividen os alumnos en grupos.

- Tratamos temas de interese para os alumnos/as.
- Que facemos para coñecer as características de cada clase? Unha proba ao inicio do curso, ler os informes dos anos anteriores, obter información mediante o Departamento de Orientación, etc.

En canto á programación:

- Os profesores que impartimos clase no mesmo nivel temos unha distribución coherente de contidos nas nosas programacións.
- Consulto a programación ao longo do curso escolar.
- Analizo e marco dentro da programación as competencias clave fundamentais para a materia.
- Os instrumentos de avaliación para medir as competencias son claros.
- Para realizar a programación teño en conta as posibilidades do entorno.
- Dou a coñecer a programación aos alumnos: metodoloxía, obxectivos, criterios de avaliación, etc.
- Introduzo na programación temas ou proxectos propostos polos alumnos.
- Fago a programación pensando en traballar as competencias.
- Teño en conta as editoriais dispoñibles para realizar a programación.
- Coincide a programación co realizado na aula.
- Comparo a materia con outras da mesma área para enriquecela e reforzala.
- En caso de que veña un profesor sustituto, atopará suficiente información na programación.

En canto ás actividades no aula:

- Agrupo aos alumnos de diferentes maneiras.
- Propoño actividades para fomentar o estudo autónomo.
- As actividades programadas son diversas, amplas, de longo recorrido e que incitan a pensar.
- Nas clases o protagonista é o alumno: ten a oportunidade de expresar a súa propia opinión, pode contrastar o seu parecer cos seus compañeiros e pode propoñer cousas novas.
- Utilizo diferentes tipos de materiais.
- Cada actividade proposta ten un obxectivo ben definido.
- Para propoñer as actividades teño en conta as dinámicas cooperativas.
- Valoro o traballo de todos diante do resto de estudantes.
- Organizo o tempo transcurrido na clase.
- Promovo o uso de técnicas de estudo nas actividades de clase.
- Realizo exercicios creativos e comunicativos.
- Aplico novas metodoloxías.

En canto á avaliación:

- Ao comezo de cada unidade, os alumnos teñen claro os obxectivos didácticos, as competencias a desenvolver, as actividades a realizar e como se avaliará.
- Utilizo diferentes tipos de probas.
- Utilizo exercicios de recuperación para os alumnos que non acadan os obxectivos mínimos.
- Os exames son as principais probas para a cualificación ou existen outras actividades.
- Tipos de probas utilizadas habitualmente: exame escrito, proba oral, tests, exercicios, traballos, exposicións públicas, etc.
- Como se realizan os sistemas de recuperación.
- O meu sistema de avaliación coincide con outros departamentos.
- Unha vez rematada a unidade didáctica avalio a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.

Ao remate do curso académico, as conclusións achegadas por este cuestionario serán utilizadas para deseñar as modificacións da programación didáctica para o seguinte curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os procesos de avaliación teñen por obxecto non só as aprendizaxes do alumnado, senón tamén os procesos mesmos do ensino. A información que proporciona a avaliación serve para analizar críticamente a propia intervención educativa e tomar decisións a respecto diso.

A avaliación da programación permite tamén detectar necesidades de recursos materiais e humanos, infraestrutura, etc. E racionalizar tanto o uso interno destes recursos como as demandas dirixidas ó centro educativo ou á Administración para que os facilite, en función das necesidades.

Avaliar a programación supón avaliar a propia práctica docente e revélase como unha das estratexias máis potentes para mellorar a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe.

Xa durante o curso académico, débese detectar o grao no que o alumnado adquire os contidos e os posíbeis erros ou defectos da programación (desmotivación, significatividade da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados...).

Así, aínda sendo a programación un instrumento que se elabora con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático implica un proceso de avaliación continuada.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da práctica pedagóxica que dea resposta e desenvolva as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste sentido, a avaliación da programación non é a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Aínda que a programación é un instrumento indispensable para dar coherencia ó funcionamento dun curso, a súa elaboración é progresiva e lenta, tanto polas características da mesma, como pola necesidade de que as propostas e decisións que a integran sexan realmente compartidas por todo o profesorado da área; isto implica que a súa avaliación debe posuír as características de proceso progresivo, constituíndo un desenvolvemento esencialmente autoavaliador.

O grao de coherencia interna entre as accións emprendidas e os distintos elementos da programación, a súa continuidade neste tempo, a súa aplicación á realidade deberán ser valorados en si mesmos. Así, serán obxecto de avaliación: os obxectivos e competencias, metodoloxía didáctica, recursos e materiais, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e secuenciación de contidos.

Esta programación didáctica será revisada anualmente por todos os membros do departamento e poderá ser modificada tanto como resultado desa revisión como para adaptarse ás modificacións normativas.

9. Outros apartados